

Xesús pasou da morte á vida



Ollos abertos

Da morte á vida

Na natureza e na vida das persoas hai aspectos que poden parecer estraños, pero que traen grandes beneficios.

¿Sabías que...?

- O gran de trigo depositado na terra tén que morrer e destruírse para que xermine e dea froitos.
- É necesario esmoucar as árbores, cortarles algunhas pólas, para que vivan máis tempo e dean mellores froitos.
- A serpe cambia de pel cada certo tempo, pero tén que sufrir para desprenderse da pel vella.
- As operacións son dolorosas, pero son necesarias para ter boa saúde e ás veces poder vivir.
- Os nacementos son dolorosos para a nai, pero ela sofre con alegría para poder ver o seu fillo e abrazalo.

SÍ NON

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

▶ ¿Cres que pagan a pena estas dores? ¿Por que?



Mirada penetrante

Perder a vida para gañala

Nalgúns casos o amor das persoas é tan forte que son capaces de perder a saúde e ata a vida para salvar a alguén.

¿Oíches falar de...?

- Un sacerdote italiano que morreu dun ataque ao corazón por salvar uns rapaces que a marea afastara da costa.
- Unha nai que queimou completamente a cara e quedoulle moi desfigurada, por salvar ao seu fillo dun incendio.
- Un relixioso que se ofreceu a morrer en lugar dun señor casado e con fillos que fora condenado a morte.
- Un frade que morreu contaxiado de lepra porque foi vivir cos leprosos abandonados nunha illa.

SÍ NON

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

▶ ¿Que casos parecidos coñeces?

▶ ¿Que persoas se sacrificaron para que ti puideses conseguir algún ben que necesitabas?



Oídos atentos

ÉO que morreu, resucitou

Xesús ofreceu a súa vida libremente e por amor para salvarnos a todos. A súa morte deu froitos moi abundantes e rematou en éxito rotundo: a Resurrección.

11 Da dor e da morte...

Traizoado

Vendido

Entregado

Detido

Calumniado

Desprezado

Azoutado

Aldraxado

 

1 Decidiron prender a Xesús a traizón e darlle morte. (Mt 26,3-4)

2 Xudas Iscariote, un dos doce, foi onda os sumos sacerdotes para entregarlles a Xesús. Alegráronse e prometéronlle cartos. (Mc 14,10-11)

3 Achegáronse a Xesús e botáronlle man para detelo. (Mt 26,47-50)

4 Os discípulos abandonárono e fuxiron. (Mt 26,56)

5 O sumo sacerdote dixo:
-Blasfemou...
Todos contestaron:
-É reo de morte. (Mt 26,65-66)

6 Pedro... púxose a maldicir e a xurar dicindo:
-Non coñezo ese home. (Mt 26,69-73-74)

7 Espírono e puxéronlle... unha coroa de espiñas..., moqueábanse del... Logo cuspiánlle e golpeábano na cabeza. (Mt 27,28-31)

8 Os sumos sacerdotes... burlábanse del... Ata os bandidos que estaban crucificados con El o insultaban. (Mt 27,35.38-39.41.44)

9 Dixo Xesús:
-Está cumprido.
E inclinando a cabeza, entregou o espírito. (Jn 19,30)



- ▶ Le os textos bíblicos da columna da dereita e busca na columna da esquerda as palabras que se refiran a cada un deles.
- ▶ Escribe ao lado de cada palabra o número do texto ao que corresponde. Algúns textos poden referirse a varias palabras.

■ 2 ■ ... Á Resurrección e á vida plena...

- Xesús vence a morte: resucita a unha vida nova na que xa non hai dor, sufrimento nin morte.
- Xesús ascende ao ceo: é glorificado polo Pai e feito partícipe da súa mesma vida perfecta, feliz, gloriosa.
- Está sentado á dereita de Deus: téñ o seu mesmo poder e gloria.
- É proclamado como Señor do universo e o único Salvador de todos.



- 1 Deus resucitouno, rompendo as ataduras da morte, pois era imposible que a morte dominase sobre El. (Heb 2,24)
- 2 O poder de Deus... resucitou a Cristo de entre os mortos e sentouno á súa dereita no ceo, por riba de todo. (Ef 1,19-22)
- 3 Deus resucitouno de entre os mortos e coroouno de gloria. (1 Pe 1,21)
- 4 Deus constituíuno Señor e Mesías. (Heb 2,36)

■ 3 ■ ...Por nós e pola nosa salvación

- Unidos a Deus e partícipes da súa vida.
- Purificados dos pecados.
- Glorificados con Xesús na casa do Pai.
- Liberados da dor e da morte.



- 1 Así como Cristo foi resucitado de entre os mortos pola gloria do Pai, así tamén camiñemos nós nunha vida nova. (Rom 6,4)
- 2 Cristo ofreceuse unha soa vez para quitar os pecados de todos. (Heb. 9,28)
- 3 Deus deunos vida xuntamente con Cristo..., resucitounos e fíxonos sentar nos ceos con Cristo Xesús. (Ef 2,4-6)
- 4 A morte foi destruída pola vitoria... Deamos grazas a Deus que nos dá esta vitoria por medio do noso Señor Xesucristo. (1 Cor 15,54-57)

► Busca nos textos bíblicos da columna da dereita as frases que se refiran ao que se di na columna da esquerda.

► Escribe na columna da esquerda o número que corresponda.



Memoria esperta

Sentido da morte e resurrección de Xesús

A Igrexa proclama gozosa: Xesús resucitou. Nós acollemos este acontecemento central que nos salvou e nos deu a vida plena de Deus.

■ ¿Por que as autoridades xudías de entón decidiron que Xesús debía morrer?

■ ¿En que consiste a resurrección de Xesús?

■ ¿Que sentido téñ para nós a morte de Xesús?

■ ¿Que sentido téñ para nós a Resurrección de Cristo?



Mans activas

Xesús, novo Adán

A Biblia preséntanos a dous personaxes: Adán, símbolo de morte, e Xesús, símbolo de vida.

1 ■ Adán

Adán, sendo un home, quixo ser coma Deus. As súas actitudes trouxeron o pecado e o sufrimento para todos.

Parecémonos a Adán cando actuamos coma o que...

A

•

1. Todo o quere para el e non comparte con ninguén.

E

•

2. Quere mandar, ser o primeiro.

3. É soberbio e abusa dos máis débiles.

4. Desexa o mal para os demais.

▶ Busca as frases da dereita que corresponden a cada unha das palabras da esquerda. Escribe o número a continuación das palabras.

▶ ¿Que producen entre os seres humanos estas actitudes negativas?

2 ■ Xesús

Xesús, que é Deus, fíxose home. As súas actitudes trouxeron a liberación do pecado e a salvación para todos.

Parecémonos a Xesús se temos estas actitudes:

A MOR

•

1.

2.

H UMILDADE

•

3.

S OLIDARIEDADE

•

4.

5.

6.

▶ Relaciona as seis frases da dereita con cada unha das palabras da esquerda.

▶ ¿En que medida están presentes estas actitudes no meu comportamento? ¿En que necesito mellorar máis?